

Biblioteca escolar



No mes de outubro celébrase o “*Mes internacional das Bibliotecas escolares*”. Para celebrarmos o Día da biblioteca (24 de outubro) a Consellería de Educación edita un cartaz cunha imaxe dun autor/a galego/a. Nesta ocasión, [Emma Ríos](#), ilustradora do mundo do cómic, interpreta o lema proposto, “*Biblioteca escolar, última xeración*”, e ofrécenos unha visión alegre e cómplice do que son e poden ser as bibliotecas escolares: lugares de encontro e de convivencia, espazos de aprendizaxe e de contacto gozoso coa cultura escrita; integración dos distintos soportes e formatos que albergan a información e os contidos culturais, oportunidades para soñar e imaxinar; apoio para a adquisición de competencias básicas e construción de coñecementos de calquera tipo; escolas de cidadanía.

BiblioChans quere sumarse a esta celebración para promover a Biblioteca como un espazo de encontro e saber onde conflúen o pracer pola lectura e a inqueda por aprender dun xeito diferente.

O **horario** de visita á Biblioteca será o seguinte.

Sesións	Luns 24 outubro	Martes 25 Outubro	Mércores 26 outubro	Xoves 27 Outubro	Venres 28 Outubro
1 sesión		4º -A		3º-A	6º-A
2 sesión		4º-B		3º-B	6º-B
3 sesión	2º -A		2º-B	5º-B	
4 sesión	EI 5 anos			5º-A	
5 sesión	1º A/B			EI 3/4 anos	

Lembrede que na páxina web do colexio hai unha icona a “Biblioteca” que xunta unha serie de ligazóns a páxinas de contos, poemas....

Asemade podedes visitar o blogue de BiblioChans:

<http://bibliochans.blogspot.com/>



Animade aos vosos alumnos/as a participar na proposta da carta que lles mandarei: “**Non podes pasar sen lelo**”
Espérovos na Biblioteca